ADMINISTRACION DE JUSTICIA

ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

XDO.1A.INST.E INSTRUCIÓN N.2
ORDES

AUTO: 00284/2023

RÚA DO MUIÑO,S/N; TFNO. CIVIL 881881289/90
Teléfono: PENAL: 881.881.291 **Fax:** 881.881.293
Correo electrónico: mixto2.ordes@xustiza.gal
Equipo/usuario: CP
Modelo: 783000
N.I.G.: 15059 41 2 2021 0000657

DPA DILIGENCIAS PREVIAS PROC. ABREVIADO 0000196 /2021

Delito/Delito Leve: CONTRA LOS RECURSOS NATURALES Y EL MEDIO AMBIENTE
Denunciante/Querellante: MINISTERIO FISCAL, VIAQUA, GESTION INTEGRAL DE AGUAS DE GALICIA S.A.U. , VIAQUA GESTION INTEGRAL DE AGUAS DE GALICIA SAU
Procurador/a: D/Dª , MARIA DEL CARMEN ESPERANZA ALVAREZ , MARIA DEL CARMEN ESPERANZA ALVAREZ
Abogado/a: D/Dª , ALBERTO TORREIRO SANTISO ,
Contra: XXX, XXX, XXX , XXXX , XXXX
Procurador/a: D/Dª , MARIA TRINIDAD CALVO RIVAS , DOMINGO NUÑEZ BLANCO , ,
Abogado/a: D/Dª , SANTIAGO FERREIRO MARZOA , VICTOR ARCEO TUÑEZ , ,

A U T O

ORDES, trece de setembro do 2023.
Maxistrada: Carmen Pose Amado.
Sobre: Continuación polos trámites do procedemento abreviado.

FEITOS

PRIMEIRO.- En virtude das normas de reparto deste partido xudicial, correspondeu a este xulgado o coñecemento do atestado número 173/2021 da Patrulla SEPRONA, por presunto delito contra o medio ambiente, acaecido o 09/09/2021, motivando a incoación das Dilixencias Previas presentes por auto de data 22/09/2021.

SEGUNDO.- Dentro do prazo e prórroga da instrución, constan practicadas as dilixencias de investigación necesarias e suficientes para determinar a natureza, as circunstancias dos feitos e a identificación das persoas que neles participaron, así como o órgano competente para o axuizamento.

RAZOAMENTOS XURÍDICOS

PRIMEIRO.- Das dilixencias de investigación practicadas, -(fundamentalmente dos datos que resultan do atestado 173/2021 do SEPRONA e do atestado 1046-I/2021 da Unidade da CNP adscrita á C.A de Galicia, inspeccións e analíticas realizadas, informes e documentación remitida por Augas de Galicia...),- resultan indicios obxectivos suficientes de responsabilidade penal que permiten, coa provisionalidade desta fase procesual, atribuír os feitos punibles derivados aos investigados, D. XXX, SAT CASA FERNANDO con CIF XXX, e D. XXXX.

No ano 2013, D. XXX, como Presidente da SAT CASA FERNANDO, sita no lugar de Vilar nº 7, O Campo, Trazo, -(explotación gandeira, de gando vacún de leite),- solicitou licenza no Concello para ampliala capacidade da explotación gandeira existente.

As obras, conforme ao proxecto redactado polo enxeñeiro técnico agrícola D. XXX, e como director de execución, consistían na ampliación da cuadra para vacas parideiras, construción dunha nova fosa de "purín" de 400 metros cadrados, (de 20 metros de longo por 20 de ancho e 5 metros de altura, con capacidade para 2.000 metros cúbicos), e plataforma de formigón, obténdose licenza municipal o 11/09/2013.

No proxecto referíase que "*las puertas de acceso para carga y agitado de purín disponen de un sistema de seguridad*", aparecendo reflectidas as comportas na parte superior da fosa.

Durante a construción, por indicación do promotor, D. XXX, instalouse outro sistema de baleirado, que non recollía o proxecto e consistente na execución dun tubo comunicando as dúas balsas ou fosas, cun sistema de motor, cadro eléctrico e cerres hidráulicos que funciona, primeiro, abrindo manualmente as chaves de paso e despois a través dun mando a distancia que controla a apertura e peche das comportas.

Con data 23/02/2015 presentouse o certificado final de obra visado de data 11/12/2014, e sen referirse ao citado sistema de baleirado instalado durante a construción, indicaba que a execución material das obras e instalacións, -(ao existir outras modificacións),- axustábase ás características fundamentais do proxecto.

A técnico municipal emitiu informe na mesma data reflectindo que o certificado cumpría cos parámetros urbanísticos e quedando pendente de visita de comprobación para a licenza definitiva. Os técnicos da Consellería de Medio Rural tamén informaron favorablemente, sen que nin eles nin aquela observaran nin fora obxecto de comprobación o sistema de baleirado instalado na parte inferior da balsa, que non estaba no proxecto.

Non consta nin que a instalación do sistema de baleirado, situado na parte mais baixa da balsa, contara co correspondente certificado de homologación, nin revisións ou mantemento nos anos seguintes.

O día 09/09/2021, en hora indeterminada que se sitúa antes das 17:00 horas, por causas descoñecidas, fallo, avaría ou deficiente funcionamento do referido sistema, abriuse o punto de baleirado, provocando a saída descontrolada dos xurros almacenados cara o exterior; que se calculan entre 600.000 e 800.000 litros.

Grazas ao traballo do persoal da explotación gandeira, executando barreiras de terra, e pola extensión da parcela 703 do polígono 502, -(sita a continuación da balsa, parcela 705, e propiedade da SAT),- impediuse que os xurros continuaran escorregando, se ben, chegaron ata o rego Porto Ferreiros e ao rego de Santa Eufemia, -(afluentes do Río Tambre),-nos que se observaban as augas turbias, de cor marrón, con presenza de escumas, ulido a xurros e peixes mortos.

Analizadas as mostras de auga recollidas, deron resultados de PH e condutividade altos, osíxeno baixo e parámetros de amonio por encima do normal.

Activouse o plan de emerxencia da ETAP, con recollida de mostras, traballos de limpeza, execución de barreiras e seguimento da alerta do vertido ata o 17/09/2021.

AUGAS DE GALICIA presentou informe de valoración dos traballos realizados para a contención e limpeza do vertido orixinado, que ascenden a 30.178,50 euros.

Incoou expediente sancionador en materia de vertidos de augas residuais, (expediente DH.D15.80231), por infracción grave do artigo 85 e) e 86, en relación co 86.2 e 87.1 a) e b) da Lei 9/2010 de Augas de Galicia, por afectar o vertido á calidade das augas do Río Tambre e á ETAP municipal das augas de Santiago de Compostela.

O estado das augas tamén provocou que a mercantil VIAQUA, que xestiona o servizo municipal de augas de Santiago, interrompera a captación de auga dende o Río Tambre dende ás 03:00 horas do día 11/09/2021 ata as 20:30 horas do día 12/09/2021.

A mercantil VIAQUA, GESTION INTEGRAL DE AGUAS DE GALICIA SAU compareceu como acusación particular, reclamando indemnización, cifrando os custos ocasionados no total de 123.119,33 euros.

O Servizo do Patrimonio Natural da Consellería de Medio Ambiente, informou que non tiñan constancia de que o vertido afectase ao sistema fluvial Ulla-Deza.

A mercantil SAT CASA FERNANDO, aínda cando ten concertado seguro de responsabilidade civil con MAPFRE, o risco acaecido estaría excluído das coberturas contratadas.

O enxeñeiro técnico agrícola, Sr XXX, ten concertada póliza de responsabilidade profesional coa compañía de seguros AXA SEGUROS, S.A DE SEGUROS E REASEGUROS, (póliza nº XXXX).

SEGUNDO.- Os citados feitos, sen prexuízo da súa definitiva cualificación xurídica, poderían constituír un delito contra os recursos naturais e o medio ambiente, do artigo 325.1 C.P e/ou artigo 331 C.P, e artigo 328 C.P, investigados a D. XXXX, SAT CASA FERNANDO e D. XXX.

As penas a impoñer están dentro do suposto do artigo 757 da Lei de Axuizamento Criminal, polo que, de conformidade co artigo 779.4 da citada Lei, procede a continuación da causa polos trámites do Procedemento Abreviado regulado no Capítulo 2, Título 3 do Libro IV da Lei Procesual.

Respecto dos indicios obxectivos do delito do artigo 325.1 C.P, e a modalidade imprudente no artigo 331 C.P, debe estarse á reforma operada pola LO 1/2015.

Trátase dun delito de aptitude ou de perigo hipotético, como refire a STS de 15/12/2016.

Atendidos os feitos, e sen prexuízo da definitiva cualificación xurídica, imponse, trala referida reforma, continuar polos trámites de procedemento abreviado.

Antes da reforma, as condutas penais relevantes eran unicamente as que constituían un perigo grave para o medio ambiente, sendo que, noutro caso eran obxecto da correspondente sanción administrativa. Despois da reforma, existe unha terceira posibilidade para os casos que poidan

causar danos substanciais; concepto xurídico indeterminado introducido polo artigo 3 da Directiva 2008/99/CE do Parlamento Europeo e do Consello, e que debe ser obxecto de valoración ou concreción, atendidas as distintas circunstancias e elementos, para diferencialo do perigo "grave"; tarefa propia do órgano de axuizamento.

A posible responsabilidade penal da persoa xurídica, SAT CASA FERNANDO, como coautora, de conformidade co artigo 328 do CP, resultaría do disposto no artigo 31.1 a) bis C.P, nos casos nos que os delitos "*cometidos en nombre o por cuenta de las personas jurídicas, y en su beneficio directo o indirecto, por sus representantes legales o por aquellos que actuando individualmente o como integrantes de un órgano de la persona jurídica, están autorizados para tomar decisiones en nombre de la persona jurídica u ostentan facultades de organización y control dentro de la misma".*

A sociedade agraria de transformación é a sociedade administrada polo investigado, D. XXXX, dedicada á explotación gandeira e a través da que se produce o vertido do xurro.

A responsabilidade do enxeñeiro técnico deriva da súa condición de director de execución da obra de ampliación, permitindo a instalación dun sistema de apertura ou baleirado do xurro que non supervisou, carente de homologación e das correspondentes medidas de seguridade, e que omitiu no proxecto, sendo visible cando asina o certificado final de obra; sistema con risco de vertidos e conseguinte perigo para o medio ambiente.

TERCEIRO.- Ao abeiro do disposto no artigo 641.1 e 779.1.1ª Lacrim, procede acordalo sobresemento provisional respecto de D. XXX e Dª. XXX, por non existir indicios suficientes da súa responsabilidade penal.

Aínda cando familia e socios da SAT, a súa participación na explotación non inclúe funcións ou supervisión da actividade relacionada co baleirado do *"purín*"**,** descoñecendo o funcionamento do sistema, instalado por decisión do investigado, D. XXX; quen que se sitúa no ámbito do dominio da actividade e instalación que creou o risco.

PARTE DISPOSITIVA

Acordo: 1.-A continuación da tramitación das presentes dilixencias polos trámites do procedemento abreviado, rexistrándose como tal, **por si os feitos investigados a** D. XXXX, SAT CASA FERNANDO e D. XXXX, fosen constitutivos dun delito contra os recursos naturais e o medio ambiente, conforme ao disposto no razoamento xurídico segundo.

2.-Para os efectos, confíraselle traslado ao Ministerio Fiscal e ás acusacións comparecidas para que no prazo de dez días soliciten abrir xuízo oral, presentando escrito de acusación ou, noutro caso, soliciten o sobresemento da causa.

3.- Procédase ao foliado completo das actuacións, -(ao tratarse dun procedemento incoado con anterioridade á entrada en vigor do expediente electrónico),- e únase folla histórico penal actualizada dos investigados.

ADMINISTRACION DE JUSTICIA

ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

Notifíqueselle a resolución ás partes e ao Ministerio Fiscal, así como a aseguradora AXA SEGUROS, S.A DE SEGUROS E REASEGUROS, no concepto de posible responsable civil.

Modo de impugnación: Contra este auto cabe interpoñer ante este Xulgado **recurso de reforma e subsidiario de apelación** no prazo de tres días ou directamente **recurso de apelación** no prazo dos cinco días seguintes dende a súa notificación.

Así o acorda, manda e asina electronicamente, Carmen Pose Amado. Xuíza do Xulgado de 1ª Instancia e Instrución nº 2 de Ordes. Dou fe.

La difusión del texto de esta resolución a partes no interesadas en el proceso en el que ha sido dictada sólo podrá llevarse a cabo previa disociación de los datos de carácter personal que los mismos contuvieran y con pleno respeto al derecho a la intimidad, a los derechos de las personas que requieran un especial deber de tutela o a la garantía del anonimato de las víctimas o perjudicados, cuando proceda.

Los datos personales incluidos en esta resolución no podrán ser cedidos, ni comunicados con fines contrarios a las leyes.